



**Procedemento:** CT207E. Subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2026.

**Asunto:** Nomeamento da Comisión de Valoración.

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 16 de decembro de 2025 no Diario Oficial de Galicia, nº 242, publícase a Resolución do 2 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2026.

2. O artigo 16 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

- a) Unha persoa técnica pertencente ao cadro de persoal da Agadic.
- b) Dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural e/ou audiovisual, de entre as cales se designará o seu presidente/a. A persoa que exerza a presidencia da comisión terá voto de calidade en caso de empate de puntuación
- c) Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que exercerá a secretaría da comisión con voz e sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de membro da Comisión ten carácter persoal e non permite actuar por delegación nin por substitución en ningún caso"*.





## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".
3. No artigo 14 das bases reguladoras establécese que a Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

### RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Alberto Lobelle Losada
- Vogal: Teresa Cuesta Fernández
- Vogal: Víctor Paz Morandeira, pertencente á plantilla da Agadic
- Secretaria : M<sup>a</sup> Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente á plantilla da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

